

Os **XXIV Encontros de Teatro Escolar e Amateur** en Bande organizados polo IES Aquis Querquennis, CEIP Xoaquín Lourenzo e o Concello de Bande réxense polas seguintes bases:

1.- PARTICIPANTES

1.1.- Alumn@s de ensino non universitario.

1.2.- Grupos de teatro amateur de ensino non universitario .

2.- OBRAS

As obras presentadas neste certame han de estar escritas **en galego**, a súa duración será superior a 15 minutos e non excederá os 45 minutos.

En ningún caso se permiten obras lidas.

Como máximo se poderá presentar unha segunda obra. Neste caso o centro recibirá 80€ a maiores, sempre e cando se axuste ás bases do concurso e teña unha duración mínima de 30min.

3.- LUGAR

Salón de actos do CEIP Xoaquín Lourenzo.

4.- DATAS

Do día 13 ao 16 de maio, coincidindo coa semana das Letras Galegas.

5.- PREMIOS

Tódolos centros participantes recibirán un premio de **200€** e diploma de participación, agás no caso de que se considere que as obras presentadas non se axustan ás bases.

Aqueles centros que se despracen máis de 50 Km recibirán unha axuda de 40€. Cando a distancia fose de máis de 100km percibirán 70€.

6.- INSCRICIÓNS

As solicitudes, que figuran nun impreso anexo, deberán ser enviadas **antes do 20 de marzo** por calquera dos seguintes medios:

- Correo electrónico: concello@concellobande.com
- Enderezo: Concello de Bande – Dpto. de Cultura

Rúa San Roque, nº 2 – 2º

32840 Bande – Ourense

Para calquera aclaración poden chamar aos teléf.: 988 443 001/4 en horario de luns a venres de 9:00h.-14:30h.


7.- DISPOSICIÓNS FINAIS

7.1.- A organización reservase o dereito de modificar estas bases, cando as circunstancias o requiran.

7.2.- A organización decidirá sobre aqueles aspectos non previstos nas presentes bases.

7.3.- A participación no concurso implicará a aceptación das bases.


CONCELLO DE BANDE é o Responsable do tratamento dos datos persoais proporcionados baixo o seu consentimento e infórmalle que estes datos serán tratados de conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 de 27 de abril (GDPR) e na Ley Orgánica 3/2018 de 5 de decembro (LOPDGDD), coa finalidade de exercicio das competencias asumidas por este Concello e manter a relación co administrado. Os datos serán conservados de conformidade coa normativa aplicable, mentres exista un interese público para manter o fin do tratamento, así como para fins estatísticos, e cando xa non sexa necesario para tal fin, suprimiranse con medidas de seguridade adecuadas para garantir aseudonimización dos datos ou a destrución total dos mesmos. Non se comunicarán os datos a terceiros, salvo que fose necesario para a tramitación do procedemento ou por obriga legal. Así mesmo, infórmase que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos e os de limitación e oposición ao seu tratamento dirixíndose a CONCELLO DE BANDE. R/ San Roque, 2 - 32840 Bande (Ourense). Email: dpo@legalforma.com, así como, no seu caso, reclamar ante a Axencia Española de Protección de Datos.



XXIV ENCONTROS DE TEATRO ESCOLAR E AMATEUR EN BANDE



ORGANIZACIÓN:



COLABORACIÓN:



Do 13 AO 16 DE MAIO 2019

Salón de actos do CEIP Xoaquín Lourenzo